



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Alteracións de base evolutiva		Código	652G04012
Titulación	Grao en Logopedia			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicoloxía			
Coordinación	Martínez Ferreiro, Silvia	Correo electrónico	s.martinez.ferreiro@udc.es	
Profesorado	González Fernández, María Dolores	Correo electrónico	m.d.gonzalez@udc.es	
	Martínez Ferreiro, Silvia		s.martinez.ferreiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Alteracións de base evolutiva aborda a conceptualización e caracterización dun grupo de alteracións que se presentan na etapa infanto-xuvenil afectando de maneira sobresainde á comunicación e a linguaxe. Ditas alteracións inclúen dunha banda Sordocegueira, Discapacidade Intelectual e Parálise cerebral e doutra Autismo, Síndrome de Asperger e outros síndromes asociados a patróns xenéticos desviados da norma.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Coñecer e integrar os fundamentos biolóxicos da Logopedia: a Anatomía e Fisioloxía.
A2	Coñecer e integrar os fundamentos psicolóxicos da Logopedia: o desenvolvemento da linguaxe, o desenvolvemento psicolóxico, a Neuropsicoloxía da linguaxe, os procesos básicos e a Psicolingüística.
A3	Coñecer e integrar os fundamentos lingüísticos da Logopedia: Fonética e fonoloxía, morfosintaxe, semántica, pragmática, sociolingüística.
A5	Coñecer e integrar os fundamentos metodolóxicos para a investigación en Logopedia.
A6	Coñecer a clasificación, a terminoloxía e a descrición dos trastornos da comunicación, a linguaxe, a fala, a voz e a audición e as funcións orais non verbais.
A7	Coñecer, recoñecer e discriminar entre a variedade das alteracións: os trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe, trastorno específico da linguaxe, retrasos da linguaxe, trastornos fonéticos e fonolóxicos; os trastornos da comunicación e a linguaxe asociados a déficit auditivos e visuais, o déficit de atención, a deficiencia mental, o trastorno xeneralizado do desenvolvemento, os trastornos do espectro autista, a parálise cerebral infantil e as plurideficiencias; os trastornos específicos da linguaxe escrita; as discalculias; as alteracións no desenvolvemento da linguaxe por privación social e as asociadas a contextos multiculturais e plurilingüismo; os trastornos da fluidez da fala; as afasias e os trastornos asociados; as disartrias; as disfonías; as disglosias; as alteracións da linguaxe no avellentamento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo e as inhibicións da linguaxe; as alteracións das funcións orais non verbais: deglución atípica, disfagia e alteracións tubáricas.
B2	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B3	Apreciar as distintas manifestacións da diversidade.
B4	Aprender a aprender.
B6	Capacidade de adaptarse aos cambios.
B7	Capacidade de análise e síntese.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B13	Coñecer e manexar as novas tecnoloxías da comunicación e da información.
B17	Saber expresarse en público.
B20	Ter iniciativa e espírito emprendedor.
B21	Tomar decisións con autonomía e responsabilidade.
B23	Traballar de forma colaborativa.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
Coñecer e integrar os fundamentos psicológicos da Logopedia. O desenvolvemento da linguaxe, o desenvolvemento psicológico, a neuropsicología da linguaxe, os procesos básicos da psicolinguística A2	A1	B2	C1
	A2	B3	C3
	A3	B4	C6
Coñecer a clasificación, terminoloxía e descripción dos trastornos da linguaxe, a fala, a voz, a audición e as funcións orais non verbais A6	A5	B6	C7
	A6	B7	
	A7	B11	
Coñecer, recoñecer, discriminar entre a variedade das alteracións: os trastornos da comunicación e da linguaxe asociados a deficiencia mental, aos trastornos do espectro autista, á parálisis cerebral e a plurideficiencias A7		B13	
		B17	
		B20	
Aplicar un pensamento crítico. lóxico e creativo B2		B21	
		B23	
Apreciar as distintas manifestacións da diversidade B3			
Aprender a aprender B4			
Capacidade de adaptarse aos cambios B6			
Capacidade de análise e síntese B7			
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional B11			
Coñecer e manexar as novas tecnoloxías da información e da comunicación B13			
Saber expresarse en público B17			
Ter iniciativa e espírito emprendedor B20			
Tomar decisións con autonomía e responsabilidade B21			
Traballar de forma colaborativa B23			
Expresarse correctamente tanto de forma oral como escrita nas linguas oficiais da comunidade autónoma C1			
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) necesarias para o exercicio do seu profesion e para a aprendizaxe ao longo da súa vida C3			
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse C6			
Asumir como profesional e como cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida C7			

Contidos



Temas	Subtemas
1. Conceptos xerais básicos	1.1. Concepto de alteración lingüística. 1.2. Elementos a ter en conta no campo das alteracións da linguaxe. 1.3. Factores causantes de alteracións lingüísticas. 1.4. Clasificación e descrición das alteracións lingüísticas.
2. As alteracións da Sordoceguera.	2.1. Clasificación, descrición e terminoloxía das alteracións físicas, comunicativo-lingüísticas, cognitivas e psicosociais presentes na sordoceguera.
3. As alteracións da Parálisis Cerebral (PC).	3.1. Clasificación, descrición e terminoloxía das alteracións físicas, comunicativo-lingüísticas, cognitivas e psicosociais presentes na parálisis cerebral.
4. As alteracións da Discapacidade Intelectual (DEI).	4.1. Clasificación, descrición e terminoloxía das alteracións físicas, comunicativo-lingüísticas, cognitivas e psicosociais presentes na discapacidade intelectual.
5. Os Trastornos do Espectro Autista (TEA).	5.1. A Síndrome autista clásica: Clasificación, descrición e terminoloxía das alteracións físicas, comunicativo-lingüísticas, cognitivas e psicosociais. 5.2. A Síndrome de Asperger: Clasificación, descrición e terminoloxía das alteracións físicas, comunicativo-lingüísticas, cognitivas e psicosociais.
6. Os trastornos neuroxénéticos.	6.1. Clasificación, descrición e terminoloxía das alteracións físicas, comunicativo-lingüísticas, cognitivas e psicosociais presentes nas síndromes neuroxénéticas tales como a Síndrome de Down.
7. Outros trastornos do neurodesenrolo.	7.1. Clasificación, descrición e terminoloxía das alteracións físicas, comunicativo-lingüísticas, cognitivas e psicosociais presentes noutros trastornos do neurodesenrolo incluídos no DSM-5.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A3 A5 A6 A7 B2 B3 B7 B11 C6 C7	21	0	21
Lecturas	B2 B7 B17 C1	8	8	16
Estudo de casos	A6 A7 B2 B4 B6 B7 B20 B21 B23	24	21	45
Glosario	A6 B7 B13	0	10	10
Presentación oral	A6 A7 B2 B7 B13 B17 C1 C3	2	8	10
Proba de resposta múltiple	A2 A6 A7 B2 B7	2	36	38
Actividades iniciais	A2 B7 C1	6	2	8
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A docente responsable fará a exposición dos temas potenciando o carácter interactivo coa participación dos estudantes por exemplo a través de preguntas.
Lecturas	As lecturas faranse en dúas modalidades: a) na aula, con posterior resumo das mesmas e b) fora da aula, expoñéndose dentro da clase os resultados.
Estudo de casos	Traballaranse distintos casos correspondentes ós diferentes bloques temáticos. Tanto a docente coma os estudantes, divididos en pequenos grupos de traballo, poderán propor o aprofundamento nun caso concreto. As cuestións suscitadas deberán ser respondidas por escrito.



Glosario	Os alumnos elaboraran un glosario onde se expliquen o conxunto de conceptos que permiten a comprensión dos trastornos tratados na materia.
Presentación oral	Os alumnos deberán traballar cos trastornos que se abordan na asignatura aprofundando sobre eles e realizando unha exposición final.
Proba de resposta múltiple	Os alumnos realizarán un exame tipo test mediante o que se determinará o grado de aprendizaxe dos fundamentos teóricos e prácticos.
Actividades iniciais	Levaranse a cabo a fin de identificar os coñecementos previos necesarios para abordar a asignatura.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Nas actividades que requiran unha atención personalizada (ex. estudo de casos e presentación oral), os alumnos contarán coa mesma, ben na aula ben no despacho da docente. Ademais poden utilizar outras vías (teléfono, email, Moodle) para resolver calquera dúbida.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A6 A7 B2 B4 B6 B7 B20 B21 B23	Valorarase a análise dun problema concreto para chegar a unha decisión tomada mediante discusión. O estudante sitúase ante un caso que lle describe unha situación real da vida profesional e deberá ser capaz de analizar unha serie de feitos referentes ao ámbito da linguaxe debendo chegar a unha decisión razoada a través da discusión nun pequeno grupo de traballo.	20
Glosario	A6 B7 B13	O estudante debe dominar a terminoloxía referida ás alteracións de base evolutiva	15
Presentación oral	A6 A7 B2 B7 B13 B17 C1 C3	Valorarase o dominio e a claridade conceptual do tema, a corrección da linguaxe empregada e o emprego das novas tecnoloxías.	25
Proba de resposta múltiple	A2 A6 A7 B2 B7	Realizarase un exame tipo test, con preguntas de entre 3 e 4 opcións de resposta das cales unha soa é a válida. Para o cálculo da nota final do test, os erros descontarase do número total de acertos.	40

Observacións avaliación

ALUMNOS EN MODALIDADE ASISTENTE. Considérase alumnado asistente cando se acuda ao 80% das sesións expositivas e ao 80% das interactivas. A cualificación dos alumnos asistentes engloba os apartados seguintes: Estudos de casos, Glosario, Presentación oral e Proba de resposta múltiple. Para superar a asignatura a nota ha de ser 5, valorándose todos os apartados. As persoas que non conten co 80% de asistencia farán o exame estándar pero con 10 preguntas máis. Poderase optar a matrícula de honor a partir de 9,5, acreditando as razóns nun escrito dirixido á docente.

ALUMNOS NON ASISTENTES. Deberán poñerse en contacto coa docente responsable da materia ao iniciarse o curso e informar da súa circunstancia. Serán avaliados unicamente a través dun exame que consta de dous partes: a) tipo test para avaliar o contido teórico da materia e b) resolución dun caso dado para a parte práctica. O exame puntúa sobre 10. Considerarase aprobado de 5 en adiante en cada unha das partes. Os **ESTUDANTES QUE CURSEN A MATERIA EN 2ª MATRÍCULA** poderán acollerse ó segundo suposto previa presentación de documentación xustificativa. **TODAS AS EVALIACIÓNS DO CURSO 2022/2023 SEGUIRÁN OS CRITERIOS ESTABLECIDOS NESTA SECCIÓN, QUE SE APLICARÁN A AMBALASDÚAS CONVOCATORIAS.**

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - () . - David Caplan (1992). Introducción a la neurolingüística y al estudio de los trastornos del lenguaje.. Madrid. Visor Distribuciones S.A. - . Serra, M; Serrat, E; Solé, R.; Bel, A; Aparici, M. (2000). La adquisición del lenguaje. Barcelona. Ariel Psicología - Peña - Csanova, J. (2002). Manual de logopedia. Barcelona. Masson. - Belinchón, M; Igoa, J.M.; Riviere, A. (2000). Psicología del lenguaje. Madrid. Trotta S.A. - Rondal, J.A.; Serón, X. (Reed.2000). Trastornos del lenguaje. Barcelona. Paidós
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Alteracións de base evolutiva/652G04012

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Avaliación das alteracións de base evolutiva/652G04017

Materias que continúan o temario

Desenvolvemento cognitivo. social e da personalidade/652G04031

Observacións

Se recomenda cursar la materia "Evaluación de las Alteraciones de Base Evolutiva". Se recomienda el envío de los trabajos por vía telemática y de no ser posible, no utilizar plásticos, elegir la impresión a doble cara, emplear papel reciclado y evitar imprimir borradores. Se debe hacer un uso sostenible de los recursos y prevenir impactos negativos sobre el medio natural. Se debe tener en cuenta la importancia de los principios éticos relacionados con valores de sostenibilidad en los comportamientos personales y profesionales. Se incorporará la perspectiva de género.Se facilitará la plena integración del alumnado que por razones físicas, sensoriales, psíquicas o socioculturales, experimenten dificultades a un acceso adecuado, igualitario e provechoso a la vida universitaria.Recomendase os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, non utilizar plásticos, elidir a impresión a doble cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta dos principios éticos relacionados cos valores de sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.Deberase incorporar a perspectiva de xénero (usarase linguaxe non sexista, bibliografía de autores/as de ambos os sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas?).Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías